



CCOO INFORMA Nº 15

EQUIPARACIÓN DA XORNADA A TEMPO PARCIAL COA COMPLETA PARA ACREDITAR OS PERÍODOS DE COTIZACIÓN PARA O RECOÑECIMENTO DAS PENSIONES

O 1 de outubro entrou en vigor a nova redacción do artigo 247 LXSS, que establece que as persoas traballadoras que traballen a tempo parcial computarán os mesmos días coma se estivesen a traballar a tempo completo, independentemente da duración da súa xornada.

É dicir, teranse en conta os períodos de actividade para o cómputo por días completos, eliminando as regras de proporcionalidade que se utilizaban para acreditar os períodos de cotización necesarios para causar dereito ás prestacións.

Polo tanto, a cotización a tempo parcial computará como un día completo á Seguridade Social para os efectos de acreditar os períodos de cotización necesarios para causar dereito ás prestacións de xubilación, incapacidade temporal, incapacidade permanente, morte e supervivencia (viuvez, orfandade, a favor de familiares), nacemento e coidado de menor.

Esta modificación opera con retroactividade respecto dos períodos que se van computar como cotizados a xornada completa. Iso significa que, se unha persoa traballadora solicita unha das prestacións a partir do 1 de outubro, para facer o cálculo e saber se cumpre cos requisitos de acceso á prestación, teránselle en conta tanto as cotizacións anteriores, como as posteriores. Os días traballados a tempo parcial anteriores ao 1 de outubro computaranse como cotizados a tempo completo, nas solicitudes que se presenten a partir desta data. É así porque o cálculo deberase facer con base na normativa vixente na data, no momento en que se solicite a pensión. Polo tanto, a forma de calcular os períodos será a que está vixente á hora de solicitar a prestación e non a anterior.

Debemos sinalar que se poderán ver afectadas por esta norma as prestacións que se causaron a partir das sentenzas producidas en 2019 que deron lugar ao cambio normativo.

Pola contra, esta modificación non opera con retroactividade para feitos causantes anteriores a esa data; é dicir, ás persoas que xa se lles recoñeceu a prestación antes do 1 de outubro, non se lles aplicaría a modificación polo mesmo motivo de que o cálculo feito anteriormente non ten efecto retroactivo, xa que o cómputo faise no momento de solicitar a pensión coa normativa en vigor.